



A FGC estivo presente na segunda edición de FORESGAL, a feira forestal de Galicia

Os pasados días 28, 29 e 30 de marzo tiña lugar no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo a segunda edición da feira forestal de Galicia (FORESGAL), organizada pola Consellería do Medio Rural e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, que por segundo ano xuntaban na capital lucense a todo tipo de empresas e entidades relacionadas co forestal en Galicia.

Nesta segunda edición, que contou con arredor de 16.000 visitantes, FORESGAL adquiriu un carácter netamente profesional, no que tiñan cabida as últimas novidades e avances relacionados con sectores como a repoboación forestal, a silvicultura, o aproveitamento mixto, a xestión da biomasa, a industria madereira, o I+D+I, e outros aspectos todos eles relacionados co eido forestal, dende o propietario do monte ata o elaborador final.

Ademáis das propostas empresariais e técnicas, e de outro tipo de aproveitamentos forestais como o stand da propia Federación Galega de Caza, non faltaron na feira as propostas culturais como a do Museo Provincial de Lugo, cunha mostra de fotos e unha exposición e recreación de personaxes e espazos típicos, como unha lareira e un aserradeiro, no que non faltaron o troncón ou a serra portuguesa, ou o popular oso de Salcedo.

A feira pechouse ca intención de organizar a vindeira edición no 2010 e convertela nun evento de carácter bianual, polas dificultades que entraña a súa organización e por querer evitar a coincidencia de datas con outras feiras próximas xeográficamente.

